

AMPLIACIÓN DO PRAZO

CONVOCATORIA DO PROGRAMA BOLSAS SANTANDER PROGRESO CURSO 2019-20

Con data 10.01.2020 a Universidade da Coruña e o Banco Santander convocan 12 bolsas, cun importe bruto de cada bolsa de 1.000,00 €, para a realización de estudos oficiais de grao ou posgrao (máster) na Universidade da Coruña (UDC), destinadas ao alumnado matriculado no curso académico 2019-20.

O obxectivo do Programa é facilitar o acceso á educación superior aos estudantes cos mellores expedientes académicos de calquera curso de grao e posgrao (máster) e que recibisen unha bolsa de carácter xeral para estudantes que cursen estudos postobrigatorios do Ministerio de Educación e Formación Profesional para o curso académico 2019/20.

O prazo para solicitar as Bolsas Santander Progreso remataba o 31.03.2020.

A suspensión dos prazos e termos administrativos disposta na Disposición Adicional 3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que declara o estado de alarma para xestionar a crise sanitaria provocada pola COVID-19 (disposición mantida en vigor polos sucesivos decretos de prórroga), afectou ao prazo fixado nesta convocatoria.

Conforme ao publicado no BOE, con efecto do 1 de xuño procédese ao levantamento da suspensión de todos os procesos administrativos.

Os responsables do programa Santander informan á UDC que establecen novos prazos para esta convocatoria das Bolsas Santander Progreso, **procedendo á apertura das inscricións da convocatoria no seu aplicativo de bolsas: www.becas-santander.com**, quedando os prazos como a seguir se indican:

- **Reanudase a inscrición: ata o 17 de xuño**
- Selección dos beneficiarios por parte das universidades: do 18 de xuño ao 10 de xullo.
- Aceptación da bolsa: do 11 de xullo ao 19 de xullo.
- Reasignación por parte das universidades das bolsas non aceptadas: do 20 de xullo ao 24 de xullo
- Reasignación por parte das universidades das bolsas non aceptadas: do 20 de xullo ao 24 de xullo
- O Banco Santander aboará as bolsas ás universidades: a partir do 20 de xullo.

O reitor,

P.D. (RR 14.01.2020)

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade,

Asinado dixitalmente por María José Lombardía Cortiña